
BS324B: MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL, GALEUROPA: AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO.

Beneficiarios/as:

Entidades sen ánimo de lucro con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido da xuventude.

Crédito: 346.794,08€

Solicitudes: Deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> Anexo I-B. Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Documentación:

- a) Solicitud de modelo oficial que figura no Anexo I-B.
- b) Copia do NIF da entidade, só no caso de non autorizar a súa verificación.
- c) Copia do DNI/NIE da persoa representante da entidade, só no caso de que non dea o seu consentimento expreso para que se comprobe telematicamente o seu DNI/NIE, segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e a Orde do 7 de xullo de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que o desenvolve.
- d) Documentación acreditativa da súa lexitimación como representante da entidade, mediante a certificación do secretario ou secretaria da entidade ou fotocopia compulsada da acta en que se recolla a composición do órgano de dirección no momento da presentación da solicitude.
- e) Anexo II co proxecto de mobilidade.
- f) De ser o caso, , Anexo IV-B debidamente asinado.
- g) Documentación que acredite que ten sede permanente ou o domicilio social en Galicia.
- h) Cando o proxecto se desenvolva con persoal propio da entidade, certificación da persoa responsable do proxecto, na que consten os nomes dos traballadores ou das traballadoras asignados ao proxecto de mobilidade e maila súa titulación e/ou experiencia, así como a xornada e o número de horas que adicarán ao proxecto. A certificación deberá estar asinada pola persoa responsable e tamén pola persoa

traballadora adscrita ao proxecto.

i) Cando se contrate persoal para o desenvolvemento do proxecto, o compromiso da persoa responsable do proxecto de que adscribirá como mínimo a unha persoa no caso de ser beneficiaria da axuda, e de que remitirá antes de comezar as mobilidades a certificación co nome dos traballadores ou traballadoras contratados, así como a súa titulación e/ou experiencia, a xornada e o número de horas que adicarán ao proxecto.

Contido dos proxectos:

1. Só se poderá presentar un proxecto por entidade solicitante

2. O número de mobilidades por proxecto será mínimo 4 e máximo 40, agás os proxectos conxuntos que terán como máximo de 50 mobilidades.

3. As mobilidades dun proxecto poderán ser realizadas en distintos fluxos dentro da duración máxima do proxecto.

4. A duración máxima do proxecto será de 6 meses

5. Requisitos mínimos:

- RECURSOS HUMANOS: Cada proxecto debe contar cunha persoa cualificada e/ou con experiencia no eido da xuventude e do emprego. Requírese un mínimo dunha xornada completa (37 horas e media semanais) para un número de mobilidades entre 31 e 40; media xornada para un número de mobilidades entre 11 e 30 e un cuarto de xornada para un número de mobilidades entre 4 e 10. Esta obriga deberá cumprirse en todas as fases do proxecto.

No proxecto de mobilidade, a entidade promotora do proxecto deberá especificar o número de persoas que asignará á xestión e a execución do proxecto e a xornada que lle adicarán, indicando se é persoal propio ou se será persoal contratado expresamente para o proxecto no caso de ser aprobado.

Así mesmo e respecto deste persoal, as entidades deberán acompañar coa solicitude a certificación ou compromiso esixidos.

- PREPARACIÓN LINGÜÍSTICA: A preparación lingüística deberá ser como mínimo de 10 horas e pode ser na lingua do país de destino ou de traballo dos/as mozos/as beneficiarios do proxecto, debendo existir unha relación directa coa estadía e adaptada á mobilidade. Esta preparación lingüística poderá realizarse no país de orixe ou no país de realización da práctica formativa e deberá ser impartida por profesionais.

- TITORIZACIÓN e apoio das estadías Como mínimo asignarase un mentor.

6. A entidade beneficiaria deberá realizar por si mesma a actividade subvencionada, non cabendo a subcontratación. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Persoas destinatarias dos proxectos:

Serán destinatarios/as dos proxectos os mozos e mozas que cumpran os requisitos esixidos para a inscrición no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da comunidade autónoma. Poderán ter como idade mínima os 16 anos, e terán que ser menores de 25 ou de 30 se teñen unha discapacidade igual ou superior ao 33%

Selección das persoas participantes nas mobilidades:

1. Farase conforme aos principios de publicidade e concorrencia competitiva, atendendo como mínimo aos seguintes **criterios de valoración**:

a) Ata un máximo de dous puntos en función das prácticas formativas similares realizadas en convocatorias anteriores (incluídas convocatorias anteriores de Galeuropa, e bolsas Leonardo da Vinci e/ou Erasmus de prácticas), dando preferencia á persoa que leve máis tempo sen realizar prácticas

- Por realizar algunha práctica no ano anterior á convocatoria _____ 0 puntos
- Por realizar prácticas no 2º ano anterior (e non no último ano) _____ 1 punto
- Por realizar prácticas no 3º ano anterior (e non nos 2 últimos anos) __ 1,5 puntos
- Por realizar prácticas hai máis de 3 anos ou non realizalas nunca ____ 2 puntos.

b) Test escrito de motivación de realización de prácticas: ata un máximo de 3 puntos. Consistirá en 30 preguntas tipo test, valoradas en 0,10 puntos cada unha. (Realizados os test por todas as persoas solicitantes porase a súa disposición a plantilla de respostas correctas).

c) Obxectivos definidos pola persoa participante na solicitude de mobilidade, tendo en conta o seu grado de adecuación á finalidade do programa de mobilidade transnacional xuvenil e á do propio proxecto da entidade, ata un máximo de 0,5 puntos.

d) Mulleres vítimas de violencia de xénero ou persoas solicitantes cuxas proxenitoras a sufrisen, sempre que a acreditación das ditas circunstancias fora emitida con anterioridade á data da presentación da solicitude: 1 punto.

2. No suposto de que se produzan **empates** nas puntuacións de dúas ou máis persoas solicitantes, os criterios de desempate serán os seguintes:

- En primeiro lugar, a puntuación máis alta obtida nos criterios do apartado precedente na mesma orde na que están establecidos.
- En segundo lugar, a maior antigüidade no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- En terceiro lugar, a maior idade fronte á menor.
- En cuarto lugar, igualdade de xénero: Darase preferencia ao xénero que teña menor número de solicitudes.
- Por último, de persistir o empate, terase en conta a orden de entrada da solicitude.

Duración das prácticas formativas: mínimo 2 meses e máximo 3 meses consecutivos.

Criterios de avaliación:

1. A **puntuación máxima por proxecto será de 90 puntos**. Para poder optar ás axudas propostas, os proxectos deberán obter un **mínimo de 45 puntos**.

a) Melloras en recursos humanos respecto dos mínimos esixidos. Máximo 16 puntos.

Partindo de que a xornada completa é de 37 horas e media e tendo en conta os mínimos esixidos no artigo 29.6.1 para cada tramo de mobilidades (sexan 1 ou varias persoas):

- Aumento nun 25% da xornada _____ 4 puntos
- Aumento nun 50% da xornada _____ 8 puntos
- Aumento nun 75% da xornada _____ 12 puntos
- Aumento nun 100% da xornada _____ 16 puntos

b) Melloras na preparación lingüística da mocidade participante, respecto dos requisitos mínimos esixidos no artigo 29.6.2. Máximo 10 puntos:

- De 11 a 20 horas _____ 2 puntos
- De 21 a 30 horas _____ 4 puntos
- De 31 a 40 horas _____ 6 puntos
- De 41 a 50 horas _____ 8 puntos
- Máis de 50 horas _____ 10 puntos.

c) Melloras nos mínimos esixidos para a titorización e apoio das estadias establecidas no artigo 29.6.3, ata un máximo de 3 puntos, segundo os seguintes criterios:

1º. Polo aumento de mentores, 1 punto.

2º. Condicións ofertadas nas titorías e seguimento dos/as participantes. Esta puntuación outorgarase en función da comparativa entre tódolos proxectos admitidos e ata un máximo de 2 puntos.

d) Ter asinados acordos con socios de acollida no momento de solicitar o proxecto, 20 puntos.

e) Número de mobilidades que contén o proxecto. Máximo 12 puntos.

- | | | | |
|------------------------------|---|-------------------------------|---|
| - e 4 a 5 _____ 12 puntos | D | - e 31 a 35 _____ 3 puntos | D |
| - e 6 a 10 _____ 10,5 puntos | D | - e 36 a 40 _____ 1,5 puntos. | D |
| - e 11 a 15 _____ 9 puntos | D | | |
| - e 16 a 20 _____ 7,5 puntos | D | | |
| - e 21 a 25 _____ 6 puntos | D | | |
| - e 26 a 30 _____ 4,5 puntos | D | | |

f) Duración das prácticas: Máximo 10 puntos, a razón de 2,5 puntos por cada semana que exceda de dous meses.

g) Compromiso para colaborar con entidades europeas na acollida das súas mobilidades, 10 puntos.

h) Outras medidas, accións, actividades ou acordos que se tomarán coas persoas participantes, e que estean vinculadas ao programa obxecto desta convocatoria. A puntuación outorgarase logo de facer unha comparativa entre as ofertas de tódolos proxectos admitidos e ata un máximo de 3 puntos.

i) Proxectos que teñan como destinatarios/as persoas con discapacidade superior ou igual ao 33%, 6 puntos.

2. No caso de **empate** na puntuación entre varias entidades solicitantes das axudas e co fin de determinar a orde de prelación entre proxectos que obtiveron a mesma puntuación, fíxase como sistema de desempate.

a) O Emprego da lingua galega na redacción difusión e execución das actividades do proxecto que sexan susceptibles de valoración, de acordo ao seguinte baremo:

- Pola redacción do proxecto: 1 punto
- Polo compromiso a realizar a convocatoria do proxecto de mobilidade e a súa difusión : 2 puntos
- Polo compromiso a realizar o proceso selectivo e as accións formativas : 2 puntos

b) A maior valoración que realizase a comisión de avaliación do proxecto en cada un dos criterios que se reflicten no apartado un e seguindo a orde establecida nel